

## OS SETE DÍAS DA TERRA

¡Hola! Son Xabier e gustaríame contarvos a revelación que tiveron acerca do futuro do planeta.

A Coruña, 2080. Costa da morte. Un mariñeiro navega no barco de seu e guinda unha lata de cocido ao mar. De súpeto avista unha luz procedente do fondo e comeza unha forte tempestade. Da auga emerxe unha persoa de faccións indescribíbles que é quen de camiñar sobre a superficie sen afundirse:

- ¡Ti, ti! Si, ti. Non me mires así... Ti tiraches esta lata ao fondo do mar – amósalla con gran enfado.
- Non, eu non fun, xúrocho – nega o mariñeiro morto de medo.
- ¡Cala! Moitos coma ti contaminan o medio ambiente e enfurecen aos deuses. Se non queres ser castigado, farás o que eu che diga. Informarás a todo o mundo de que a Terra se destruírá en sete días se non facedes algo que demostre que respectades o voso planeta.

O suxeito desvanécese entre a brétema e o mariñeiro, moi asustado e atarecado de frío, pon rumbo a terra firme. Ao chegar a un bar comeza a berrar entolecido e o dono do local chama a un psiquiatra para que o atenda inmediatamente.

O navegante é ingresado nun hospital psiquiátrico, no que lle poñen unha camisa de forza e o encerran nunha habitación acolchada para evitar que se disloque un ombreiro despois de administrarlle diversos calmantes.

Cando esperta do seu sono inducido, cae na conta de que é luns: o primeiro día antes da destrución do planeta, e manda chamar inmediatamente ao médico para contarlle todo o sucedido. Este trata de tranquilizalo dicíndolle que seguramente tivera unha alucinación provocada polo intenso frío ao que estivera exposto. Pero... mentres falan dá comezo unha intensa tormenta eléctrica que funde tódalas luces. O mariñeiro busca na escuridade o oído do médico e, case sen forzas, consegue pronunciar as súas últimas palabras antes de morrer sen máis: “Xa... cho dixen...”.

O doutor, preocupado, chama aos medios de comunicación, que difunden a noticia rápidamente. Proclámase a alerta vermella en todo o mundo e os gobernos de tódolos países elaboran en tempo récord unha nova lei.

**TODO O MUNDO DEBE RESPECTAR O MEDIO AMBIENTE BAIXO PENA DE CADEA PERPETUA**

Os máis recoñecidos inventores comezan a traballar duro e dan con fórmulas para

facen andar automóbiles con aboo orgánico e construír vehículos propulsados por aire. Tamén conseguen capturar nubes para extraerlles a humidade e convertela en auga suficiente para abastecer aos países ameazados pola seca. Pero o invento máis exitoso é do meu neto: unha casa intelixente que se utiliza únicamente a enerxía solar.

Sería necesario comezar a partires de xa a traballar na conservación do medio ambiente. Nas nosas mans está que o planeta non se bote a perder, por non falar de que se evitaría tamén o tráxico final do mariñeiro desta revelación que tiven.